

O Vales Villamarín pide axuda para reconstruír 50 anos de historia

O centro prepara unha exposición de fotos, documentos, traballos, recordos... e xornadas de encontros entre antigos estudantes co alumnado actual

REDACCIÓN / Betanzos

A celebración do 50 aniversario do CEIP Francisco Vales Villamarín avanza e a fachada do edificio principal xa loce unha xigantesca pancarta conmemorativa de trinta metros cadrados deseñada polo ilustrador betanceiro e mestre Xosé Tomás, e financiada polo Concello de Betanzos.

A imaxe é unha nena con globos, que para o autor simboliza a importancia do xogo na aprendizaxe, e de cores múltiples para representar a diversidade como normalidade e na que predomina o "verde Betanzos", cunha estética pensada dende a mente dun neno, explicou Xosé Tomás.

O comité encargado da organización dos actos prepara novas iniciativas nas que busca involucrar a todas aquelas persoas que dun ou doutro xeito estiveron vencelladas ao centro. O acto máis inmediato será un encontro de profesores e profesoras xubilados, que se celebrará o 9 de decembro nas instalacións do colexio: "Queremos que sexa un momento de reencontro entre eles, nun lugar que lles foi moi cercano e familiar", explicou Teté Espiñeira, quen encabeza o comité organizador. Despois do



Alumnado do centro na festa da primavera curso 84-85 / CEDIDA

encontro poderán achegarse ás aulas a compartir cos rapaces e rapazas os seus recordos, anécdotas e experiencias como docentes.

A partir de xaneiro haberá xornadas de encontros de ex-alumnos e alumnas co alumnado actual para falar sobre as súas vivencias e recordos do seu paso polo colexio así como a súa evolución posterior.

Compartir recordos

O centro prepara unha exposición que se abrirá ao público en

maio e xuño no Edificio Arquivo, no que se recopilarán fotografías, traballos, documentos, recordos ou obxectos vencellados ao colexio.

Para iso, piden a colaboración das persoas que dispoñan de material para poder incorporar á mostra e fan un chamamento ás persoas que tivesen relación co centro para que lles fagan chegar as súas aportacións e axudar así a enriquecer a exposición compartindo os seus recordos.

As persoas interesadas en colaborar poden contactar por correo



Unha pancarta xigante, obra do ilustrador betanceiro Xosé Tomás e financiada polo Concello, cubre a fachada do edificio principal

electrónico: 50aniversarioval@ gmail.com onde resolverán calquera dúbida sobre como poden aportar o seu grao de area para

contribuír á celebración do medio século de historia dun centro polo que pasaron milleiros de estudantes de Betanzos, Coirós e Paderne.

RADIO-TAXI BETANZOS

Disfruta de las fiestas y olvídate del coche

981 77 49 90

LES DESEAMOS
FELICES FIESTAS

DESCARGA
NUESTRA APP AQUÍ
y descubre todos
nuestros servicios



MENÚ DEL DÍA
AMPLIA TERRAZA

caféteria
Especialidad en tapas y raciones

VEN A CELEBRAR TU CENA DE EMPRESA CON NOSOTROS

COMIDA TRADICIONAL
También pedidos para LLEVAR
CENAS CON RESERVA

LOS DÍAS DE FERIA
(1 y 16 de cada mes)

PULPO
(Pulpeira do Carballiño)



Avenida Juan García Naveira s/n · CC de EROSKI, locales 1 y 2



Servicio 24 horas

Horario de atención personal: de 8.00 a 21.00 horas
Autoservicio de 21.00 a 8.00 horas

Vendemos el mismo combustible
que utiliza nuestra flota de
camiones de transporte

Gasoil, Gasolina y Adblue



Parcela 19.2 Vial 3 - Piadela

881 084 745

www.camposvidalsl.com



ESTACIÓN DE SERVICIO PIADELA III
Campos Vidal SL

COMBUSTIBLE DE PRIMERA CALIDAD ADITIVADO AL MEJOR PRECIO

